

2. INFORME DE XESTIÓN DA PRESIDENTA DO PADROADO

A partires da asemblea do pasado mes de decembro celebráronse 3 Consellos de Goberno os días 17 de xaneiro, 15 de marzo e 3 de maio de 2022, así como Comisións Permanentes o 13 de xaneiro, 2 de marzo e 12 de abril de 2023.

Seguimento do Plan Plurianual

Na asemblea de decembro presentamos os resultados de pescudar as principais de necesidades do Museo e, de modo correspondente, establecer a priorización das liñas de traballo do Consello de Goberno. Seguiremos aquel esquema de prioridades para o ano 2023 para guiar a nosa exposición.

1. AREA INSTITUCIONAL

1.1. XUNTA DE GALICIA

- Asinamos un novo convenio anual que nos achega os fondos para o presente exercicio. A sinatura formal realizouse no Museo o 24-3-23
- Finalmente, nos orzamentos da Xunta para este ano a subvención para gastos de funcionamento se incrementou en 20.000,00 € e a de investimentos mantén o incremento destes 2 anos pasados de 100.000€ para continuar facendo fronte as necesidades da ampliación e novas salas.
- Informará o tesoureiro

1.2. CONCELLOS

- Estamos pendentes dos resultados das inminentes eleccións municipais para completar o traballo do primeiro semestre do ano na nosa relación co concello de Santiago en particular e co despregue de contactos co resto de Concellos de Galicia
- Establecemos xa relacións directas con distintos concellos de Galicia tanto no entorno de actividades en común feitas a demanda do museo tales como o 100-SEG como en relación con demandas dos propios concellos para que participemos, colaboremos ou asesoremos nas súas actividades.
- O Consello de goberno aprobou a renovación da Carta de Servizos os Socios e Socias no que se diferencian as tipoloxías de socios institucionais, concellos e entidades colectivas pero de organizacións non institucional (como asociacións ou colexios por exemplo) para establecer as contrapartidas que as persoas e entidades poden recibir como socios dun modo máis acaído a cada caso. Segundo o falado con algunha das alcaldías esta especificación pode axudarlles a que sexa a propia corporación en pleno a que aprobe que se fagan socios e que tal condición sexa menos dependente da cor política que governe.
- En relación con colaboracións directas cos concellos e asistencia a actos organizados por eles, coorganizados con eles ou solicitados por nos no curso de distintos proxectos nos que participamos acudimos a:

- 2-01-23 Concelleiro de Ames. Entrevista por 100-SEG, exposición e publicación
- 4/6-2-23 Concello de Outes, Inauguración de restauración e posta en valor da carpintería de ribeira de Ciprian. Entrevista institucional e proposta para se facer socios do Museo.
- 31-3 Asistencia en Muras, Lugo, ao acto homenaxe a Antía Cal e colocación dunha placa conmemorativa na súa casa familiar e reposición das existentes na rehabilitada Casa da Cultura
- 4-4 Asistencia os actos celebrados no concello de Boiro en lembranza de Ramón Martínez López, dentro do programa do 100-SEG

1.3. PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO, OUTROS MUSEOS E ENTIDADES RELACIONADAS

Como aprobamos no plan plurianual, *fomentaremos a relación de colaboración especializada con outros museos etnográficos do país e entidades relacionadas.*

Listaxe de actividades neste punto:

- En primeiro lugar compre dar conta da instalación nas dependencias deste museo da capela ardente para a celebración das honras fúnebres do noso compañeiro neste Padroado, académico da RAG e fillo adoptivo da cidade de Santiago, D. Salvador García Bodaño. Con tal motivo acollemos a súa familia, a que cumprimentamos no noso nome propio e do padroado do museo, acomodamos neste mesmo auditorio os elementos de honra para a capela e o persoal de garda que proporcionou o Concello de Santiago e recibimos as autoridades que se achegaron. As honras remataron co paso da comitiva fúnebre a igrexa de Bonaval onde tivo lugar unha cerimonia relixiosa de carácter privado.

Outros actos neste apartado:

- 19-12-2022. Participación no Acto de presentación do Proxecto PHONE do Centro Dramático Galego, celebrado no MPG para presentar o seu proxecto internacional sobre teatro en linguas minorizadas de Europa
- 10-01-2023 Localización da placa do Centenario da Asociación de Amigos do País
- 12-01 Presentación no museo do libro sobre o Museo Provincial de Lugo escrito pola súa directora Aurelia Balseiro
- 9-02 Visita do director da CENTRAD de Lugo a coñecer o APOI. No curso da mesma acordamos a cesión dun instrumento da súa colección para expoñer na nova sala de Historia Medieval.
- 15-02 Xosé Luis Rivas (Mini), parlamentario e compilador do APOI, E Mercedes Queixas, parlamentaria tamén, fan unha visita institucional para coñecer o noso arquivo
- 20-2. Apertura de curso na Academia Xacobeá, que preside o noso socio Xesús Palmou
- 22-02 Presentación do libro conmemorativo do aniversario Juana de Vega, cuxa Fundación preside o noso patrón Enrique Sáez na Librería Couceiro

- 23-02. Día de Rosalía. Participación nos actos conmemorativos organizados pola Fundación Rosalía no Hostal dos Reis Católicos. Asiste tamén o director do Museo.
- 22-03. Presentación do programa conxunto de actos de celebración do Centenario do Seminario de Estudos Galegos no Consello da Cultura Galega
- 4-4. Asistencia os actos de homenaxe a no concello de Boiro
- 15-5. Celebración da asemblea anual do Consello Galego de Museos, no que temos encomendada a secretaría permanente, que leva a vicepresidenta
- 30-4. Asistencia, no cemiterio de Vilanova en Allariz, Ourense, ao acto homenaxe Saúdo a Vicente Risco, no 60 aniversario do seu pasamento, organizado pola Fundación que leva o seu nome. Quedamos pendentes ca súa directiva dunha reunión para formalizar un convenio de colaboración co MPG
- Está prevista para as vindeiras semanas unha reunión ca directiva do Ateneo de Santiago para establecer vías directas de colaboración entre as dúas entidades

1.4. OUTRAS INSTITUCIÓNS E ORGANIZACIÓNS COLECTIVAS

Fomentaremos que o museo se faga presente nas institucións e organizacións colectivas que poidan darnos a transcendencia social que precisamos

Listaxe de actividades neste punto:

13-2 Entrevista radiofónica e participación nun programa de radio escolar desde o CEIP do Castiñeiriño, dentro dun programa especial de Ponte nas Ondas

28-2 Presentación do libro sobre Murguía na que fixo a presentación o noso patrón, vocal do Consello de Goberno e director da Revista Murguía, Uxio B. Diéguez

13-3 Entrevista con Jorge Rei, director do certame GALICREQUES, para establecer relación de colaboración en relación cos distintos aspectos de promoción e salvagarda do patrimonio do teatro de títeres.

23-3 Entrevista radio escolar no CEIP Os Rosales da Coruña

31-3 Asistencia en Muras, Lugo, ao acto homenaxe a Antía Cal e colocación dunha placa conmemorativa na súa casa familiar

11-4 Asistencia a presentación do libro sobre os 50 anos de Fuxan os Ventos, de Baldomero Iglesias, Mero, compilador do APOI, na librería Pedreira de Santiago

18-4 Recepción dos orixinais dos libros de Antía Cal doados ao Museo pola súa familia no curso dun acto homenaxe nos xardíns do claustro do museo

24-5 Coñecemos a resolución do xurado do premio Rosalía de Castro de Lingua da Deputación da Coruña na que fomos gañadores na modalidade de entidades, ex-aequo coa plataforma de difusión nas redes sociais chamada Orgullo galego.

Agradecemos especialmente a nosa socia Carme Varela e a nova patroa Pilar Sampedro a preparación e presentación da candidatura do MPG que resultou tan proveitosa.

25-5 Visita institucional a sede central de FINSA. Acude a presidenta acompañada do tesoureiro e da patroa Encarna Otero, para darnos a coñecer e incorporar, no seu caso, a esta empresa aos nosos socios patrocinadores.

2. AREA DE ORGANIZACIÓN

Afrontaremos a reorganización da xestión interna:

- Contratamos un de servizo de comunicación externo básico para atender a publicidade das actividades nos medios e nas redes sociais. De momento responde directamente os requirimentos do director. Estamos pendentes de formalizar o protocolo de comunicación interna no museo.

3. AREA DE FUNCIONAMENTO

3.1. Montaxe das novas salas de Historia

En cumprimento dos compromisos de financiamento adquiridos coa Xunta de Galicia e a Deputación de A Coruña procedeuse xa no 2022 a correspondente instalación museográfica estando pendente a colocación das pezas máis delicadas nas súas vitrinas en tanto non estean resoltos os problemas de:

1. Entradas de auga que aconteceron durante o período de chuvia dos últimos meses.
2. Accesos expeditos desde o edificio conventual (pasarela desde o claustro alto pendente de execución de parte do Consorcio de Santiago)
3. Accesibilidade sen barreiras desde a entrada da rúa (rampla pendente de execución de parte do Concello de Santiago).

Quedan pendentes para novos exercicios as salas de Historia Contemporánea de Galicia (prevista para o ano 2024) e Historia do Museo do Pobo Galego que prevemos rematar no 2026, na preparación do 50 aniversario do Museo

A sala de contemporánea aínda non se comezou. Para pechar este tema é importante ter listo o proxecto e facer o deseño desta sala antes de empezar a construír.

A derradeira sala será a da historia do MPG, encomendada a coordinación a María Xosé Fernández Cerviño

A inclusión dos novos espazos do museo, van requirir facer un novo plan de emerxencias, pero se cadra é mellor agardar a ter a pasarela e a rampla.

3.2. Optimizar os outros recursos expositivos existentes no museo para con pequenas intervencións mellorar a accesibilidade, aportación de información complementaria aos visitantes, ...

- Actualizada a páxina Web do museo
 - Corrección de erros e deficiencias
 - Ampliación para a páxina do centenario do Seminario de Estudos Galegos
 - Co asesoramento e colaboración da ONCE, temos xa a web adaptada para persoas con dificultades visuais

- Desenvolvida a ferramenta para crear e empregar códigos QR propios (está en fase de probas)
 - o Podemos xa utilizalos para dispoñer de acceso a documentos
 - o Temos previsto que estarán a dispor do público na instalación do percorrido especial polas pezas do museo procedentes do Seminario que se inaugurará proximamente
 - o Permitirá aportar información das distintas pezas ou salas ata en 8 idiomas a través do teléfono.

3.3. Facer operativo o novo almacén. Iniciar os traballos de clasificación e ordenación *in-situ*.

- Completouse o trámite de declaración e rexistro da nave como lugar de traballo.
- Quedan tarefas pendentes de clasificación e reordenación da colección dependentes deste traslado.
- Está previsto no plan cuadrienal a elaboración de un proxecto de distribución e acondicionamento do almacén para acoller as distintas coleccións nas condicións axeitadas as súas características.

3.4. Potenciar a actividade das estruturas de estudo e investigación do museo

...tanto no que respecta a patrimonio material como inmateral, nomeadamente o IEI.

3.4.1. IEI

ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

Dentro das actividades propias do IEI na área de Antropoloxía e Etnografía, continuaron baixo a dirección do patrón X. M. González Reboredo, os traballos de documentación e análise das recollas sobre o entroido de Mazaricos e a romaría das Cabezas de Cacheiras a que acudimos na última edición de 2023. Os resultados incorporaranse ao APOI para a súa difusión

FOROS E ACTIVIDADES RELACIONADAS

En relación co punto do plan plurianual no que se fala que en 2026 propoñemos ter como efeméride seleccionada o Centenario da Lei de redención dos Foros en Galicia. No Consello de Goberno entendemos que esta efeméride permite reflexionar sobre un problema tan actual como a estrutura, tenencia e uso da terra en Galicia e que a difusión do coñecemento sobre a loita da poboación galega pola redención dos foros, os cambio producidos coa redención sobre a propiedade da terra e a consecuente xestión da mesma, teñen crucial importancia para comprender a problemática actual de distribución territorial en Galicia hoxe e de cara ó noso futuro.

Acordamos así iniciar o proceso de preparación do **programa**:

- Dando a coñecer desde hoxe mesmo este foco temático entre os nosos patróns e patroas para que se incorporen nos grupos de traballo que sexan do seu interese.
- Propoñer actividades en colaboración con outras entidades, fundacións e organismos que poidan estar interesados para traballar en conxunto:

- Universidades (aspectos histórico, xeográfico, técnico e tecnolóxico etc.)
- Xunta de Galicia, consellerías con competencias nos usos e xestión do territorio
- Fundación Juana de Vega
- Colexios profesionais de enxeñeiros agrónomos, forestais,...

APOI

Temos na actualidade 1542 PEZAS ON-LINE e entre xaneiro e maio de 2023 rexistráronse 9837 descargas.

Pode consultarse o informe de actividade específico do APOI que se anexa ó final da acta da Asemblea xunto co resto de informes de actividade dos servizos do Museo.

Estadísticas do repositorio



3.4.2. Fundación Antonio Fraguas

A segunda edición do Proxecto Cántame un Conto estase realizando con éxito e o día 30 de maio de 2023 celebrarase no salón de actos do Colexio La Salle a festa de fin de curso do presente ano. Os nenos e nenas participantes nesta segunda edición superan os 500.

No enderezo: <http://museodopobo.gal/gl/contame-un-conto> poden visualizarse máis de 50 vídeos de contos relatados por nenos e nenas, xunto con enlaces a contos tradicionais orixinais que alberga o Arquivo do Patrimonio Oral e da Identidade do MPG e vídeos de contacontos profesionais.

Respecto da **Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas**,

Neste momento os centros están a traballar para a futura musealización dos traballos no Museo do Pobo Galego no ultimo trimestre deste ano

3.5. Programas específicos que aproveiten a conmemoración de efemérides

...ao longo do período para chamar a atencións sobre problemática do país, nomeadamente no 2023 o centenario do SEG...


Sobre a proposta de programa preliminar elaborada por D^a María Xosé Fernández Cerviño asistimos as sucesivas reunións da representación do Museo do Pobo Galego, o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega segundo a proposta que foi aprobada en asemblea o 28 de maio de 2022.

- Estamos colaborando ca Secretaría Xeral de Cultura na grande **exposición na Cidade da Cultura**, comisariada polo profesor R. Villares Paz. O director falará disto no seu informe
- O director informará do estado da cuestión da **actuación prevista sobre a colección permanente que resalte a súa continuidade coas propostas de etnografía do SEG** (a modo de itinerario marcado e con complementos expositivos como os nosos fondos materiais e documentais).

3.5.1. PARTICIPACIÓN NO PORTAL PARA CENTRALIZAR A INFORMACIÓN DO 100- SEG

A proposta do comité de organización conxunta creouse un **portal específico sobre o centenario do SEG** dentro do aloxamento dixital do Consello da Cultura Galega. O CCG encargou un **logotipo e imaxe corporativa** para este sitio dixital e para a elaboración de cartelaría, documentos e outro material conmemorativo do centenario. No portal habilitouse un **repositorio** de materiais relacionados co SEG para o seu libre emprego por centros de ensino, investigadores e todas as persoas e entidades interesadas. Nel pode accederse en todo momento ao **calendario** actualizado coas correspondentes achegas.

Cada unha das entidades participantes que o tivo a ben habilitou un sitio específico no seu WEB empregando a imaxe común.



En destaque



No MPG fixemos isto na nosa páxina de entrada habilitando un enlace que abre o seguinte enderezo: <http://museodopobo.gal/gl/centenario-do-seminario-de-estudos-galegos>

- Nel dispoñemos de enlace directo co portal do Consello e cos nosos propios actos
- O MPG remite os documentos e datos de interese a este sitio dixital para seren publicados.

3.5.2. CONGRESO

Neste semestre o representante do Padroado no Comité Científico e organizador do Congreso, Dr. Justo Beramendi, participou nas sucesivas sesións de 13 de xaneiro e 25 de marzo, das que recibiu cumprido informe o Consello de Goberno. O día 27 de marzo, reenvía o correo do Profesor Henrique Monteagudo co programa provisorio xa completo que anexo o remate deste documento.

Denominarase “SABER DE NOS” e conforma un congreso de dous días (10 e 11 de outubro) organizado en 4 sesións, nas que, entre outros especialistas, está prevista a participación das seguintes persoas do noso Padroado: Justo Beramendi, Uxío Breogán Diéguez Cequiel, Ramón Villares, Xerardo Pereiro e M. Xosé Fernández. E no que se abordarán as temáticas histórico-políticas e de significación social do Seminario, as propias das aportacións das diferentes seccións do mesmo os aspectos literarios e lingüísticos e a significación do seu legado.

3.5.3. PROGRAMA O SEG POR GALICIA ADIANTE

Como vostedes coñecen desde as asembleas precedentes, o **Museo do Pobo Galego ten en marcha** un programa básico en 9 localidades e poderá aínda coordinar accións

similares propostas e organizadas por outras entidades, dentro dun programa de itinerario e calendario conxuntos.

A vicepresidenta xa requiriu a colaboración dos nosos patróns e patroas na organización dos actos nas distintas localidades.

Procúrase tamén a participación das Deputacións, os Concellos e outras entidades colaboradoras.

LOCALIDADES CON ACTOS DIRECTAMENTE ORGANIZADOS POLO MUSEO DO POBO:

Convido a informar á Vicepresidenta do Padroado.

En desenvolvemento do programa aprobado pola Asemblea do Padroado en decembro para conmemorar o centenario do Seminario de Estudos Galegos, que demos en chamar O SEG polo país adiante, comezamos o 23 de marzo, no Museo, cunha conferencia de Aurora Marco sobre as Mulleres do SEG.

O 28 de marzo, en Lugo, tivo lugar unha conferencia do patrón Francisco Calo Lourido sobre a significación histórica e cultural do SEG na Galicia do século XX, en colaboración co Club Cultural Valle-Inclán. O 3 de setembro está programada unha mesa redonda sobre o SEG en Lugo, na que colabora a Asociación Lugo Patrimonio. Os responsables da organización son, respectivamente, os patróns Felipe Arias e Adolfo de Abel.

O 30 de marzo, aniversario de Fermín Bouza Brey, celebrouse en Ponteareas un acto en colaboración co IES Pedra da Auga, organizado e dirixido polo patrón Clodio González Pérez.

O 4 de abril o Concello de Boiro acolleu un acto institucional en homenaxe a Ramón Martínez López no aniversario do seu nacemento, organizado pola patroa Mercedes Rozas e por Amancio Liñares, coa colaboración da Concellería de Normalización Lingüística e Memoria Histórica. En setembro haberá unha actividade cos centros docentes que visitarán o Museo, e o 21 unha mesa redonda, ambas actividades en colaboración coa Concellería de Cultura.

O pasado 6 de maio 20h00, en Escairón, Xosé Ramón Fandiño Veiga impartiu unha conferencia sobre o Seminario de Estudos Galegos, Pura Lorenzana e Xan de Forcados. Colaboraron o Concello do Saviñao e o Círculo Saviñao. A véspera os alumnos do centro escolar visitaron o dolmen de Abuíme, explorado por Cuevillas, Fraguas e Pura Lorenzana, membros da sección de Arqueoloxía do SEG.

O acto máis recente foi o 16 de maio, unha conferencia de X. Amancio Liñares Giraut no IES Xulián Magariños de Negreira, sobre Xulián Magariños e o SEG. O Concello vai contratar unha persoa para que catalogue a biblioteca de Magariños, que está na Casa da Cultura. En setembro haberá un segundo acto, xa para o público en xeral.

O 1 de xuño as patroas Patricia Arias e Fuco Sanjiao farán cos centros escolares de Cotobade unha actividade que, se o tempo o permite, terá o epicentro no vello cemiterio parroquial de Loureiro, onde está o sepulcro de Florentina García, a moza que inspirou a Castelao e máis a Fraguas. Cóntase coa colaboración do Concello de Cerdedo-Cotobade e da Fundación Antonio Fraguas.

Sábado 17 de xuño o patrón Xosé María Lema organiza en Baio unha xornada cunha conferencia de Xosé María Rei Lema titulada «Ramón Francisco Romero Lema. A fundación do SEG segundo a súa versión», seguida dunha mesa redonda sobre a familia Romero Lema. Colaboran o Concello de Zas e a Comisión Enrique Labarta para as Letras Galegas.

O Museo celebrará o 28 de xuño, aniversario do plebiscito do Estatuto e da chegada dos restos de Castelao á igrexa de Bonaval, un faladoiro en torno ao espírito do SEG en Compostela, coa participación dos patróns Uxío-Breogán Diéguez, Xosé Ramón Fandiño, Encarna Otero e Xosé Manuel González Reboredo.

O patrón Xosé Carlos Sierra está xestionando co Concello de Lobeira e a Deputación de Ourense un acto en setembro en memoria dos irmáns Lorenzo Fernández.

Outras actividades están pendentes de concretar ou fixar data, dependendo da celebración das eleccións municipais do 28 de maio: Betanzos e Salvador Cabeza de León, Lalín e Ramón María Aller, Laxe e Isidro Parga Pondal.

3.5.4. ACTO CONMEMORATIVO NA DATA OFICIAL DO CENTENARIO

O 12 de outubro de 2023 celebrarase o centenario da fundación do Seminario de Estudos Galegos no castro de Ortoño. Na data precisa do centenario, organizarase unha andaina Santiago- Castro de Ortoño que rematará cun acto institucional no castro de Ortoño. Cadra en xoves e é día feriado.

O **Museo do Pobo Galego** propón e coordinará a iniciativa xunto cun comité organizador específico dentro do programa conxunto 100-SEG. A presidenta, xunto coa patroa Pilar Sampedro o noso socio Suso e Víctor, coordinador de actividades de natureza da Fundación USC, fixeron xa unha camiñada preparatoria.

ANDAINA

8.30 saída da Alameda de Santiago

11.00 parada técnica

12.00 chegada ao Castro de Ortoño

Necesidades anticipadas: Protección civil , Seguridade viaria

ACTO INSTITUCIONAL NO CASTRO DE ORTOÑO

12.30 Acto institucional

- Presentación e xustificación do acto

- Concello de Ames / Concello de Santiago
- Consellería de Cultura

14.00 Romaría con música e xantar

Transporte de retorno (buses)

PRINCIPAIS ENTIDADES COLABORADORAS / FINANCIAMENTO:

- Para a andaina Contamos coa axuda de:
 - o A Universidade de Santiago a través dos seus correspondentes programas de promoción do sendeirismo
 - o Asociacións de sendeirismo e grupos de andainas de centros socioculturais da cidade dentro dos seus presupostos.
 - o Os concellos de Santiago e Ames que se ocuparán de protección civil e seguridade viaria no seu termo.
- Para o acto institucional no Castro de Ortoño Contaremos ca Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, quen dispón de maior capacidade para a contratación e organización deste tipo de eventos.

4. AREA DE RECURSOS

4.1. Recursos humanos

4.1.1. BIBLIOTECA

- A xubilación da Bibliotecaria e patroa do museo D^a Rosa Méndez no próximo mes de xuño, motivou a apertura dun proceso de selección da persoa que a substitúa. O proceso de selección fíxose por concurso durante o mes de marzo e abril e a comisión seleccionou por unanimidade a candidata que logrou a praza, D^a Ana Mateos, que foi contratada a petición da bibliotecaria saínte, como traballadora a tempo parcial para que a transición sexa ordenada.
- Dos aspectos específicos de relacións co persoal Informa o director.

4.1.2. OUTROS ASUNTOS DE PERSOAL

Informa o director

4.2. Recursos económicos

- *Ampliar as fontes de financiamento: Novos socios protectores e patrocinadores*
 - o *Ampliar os concellos socios*
 - o *Ampliar socios e socias*
- *Campaña de explicación as entidades financiadoras sobre as verdadeiras necesidades do museo*

Convido o Tesoureiro a completar o informe sobre recursos económicos